



Contra a barbarie do **CAPITALISMO**

Carta aberta ás nosas irmás e irmáns refuxiados

Nas últimas semanas, as imaxes do sufrimento e a desesperación nos vosos rostros, tralo longo e tortuoso camiño que realizastes para fuxir da destrución e a miseria, golpeáronnos e conmocionáronnos. Tamén nos indignamos e enchémonos de rabia ó ver como a policía golpeouvos, e como os gobernos da Europa "civilizada" vos amorean e amontoan en condicións inhumanas en prazas, estacións de tren ou espazos rodeados de alambradas sen comida nin auga, sen asistencia médica, sen un acubillo digno. Esta cruel realidade recórdanos a historia das nosas propias familias, cando moitos dos nosos avós fuxían da ditadura franquista cara ó exilio, en barcos abarrotados ou en colas interminables con nenos, con fame, con frío, condenados a permanecer en campos cercados onde miles morrían.



Refuxiados, BENVIDOS!

Coñecemos moi ben ós responsables desta barbarie. Son Rajoy, Merkel, Cameron e o resto de dirixentes europeos que apoian e financian as guerras

que destrúen os vosos fogares, os vosos hospitais e escolas, as vosas cidades e as vosas vidas. Os mesmos que levan anos destruindo a educación, a sanidade e os dereitos sociais máis esenciais nos nosos países, que desafiúzan a miles de familias das súas vivendas, que nos conde-

nan ó desemprego e nos obrigan a emigrar en busca dun presente e un futuro do que nos privan aquí. Son gobernos ó servizo dos grandes capitais, dos grandes bancos e das grandes multinacionais, das industrias de armamento, dispostos a provocar todo esta inmensa dor se con iso acrecentan os seus beneficios. Hipocritamente choran bágoas de crocodilo cando lles enfoca algunha televisión, pero son eles os que crearon o pesadelo da vosa dor.

Eles son o obstáculo que se interpón no voso camiño cara unha vida digna. O capitalismo levanta muros, alambradas, pecha fronteiras, atiza a xenofobia, o racismo e o medo. Pero todo isto non ten nada que ver connosco, coa inmensa maioría da mocidade e da clase traballadora, dos oprimidos de Europa. Nós dámosvos a benvida, dámosvos a nosa man e o noso corazón, e dicímosvos que contades coa nosa solidariedade incondicional.

No Estado español sabemos moi ben que opina o goberno do PP de vós e de nós. Valados cheos de coite-las cos que se recibe ós que cruzan o Estreito en busca

recórdanolo todos os días. Por iso estamos fartos de escoitar a demagogia dun goberno que fala de “cupos”, de que aquí non cabe todo o mundo e de que entre os



miles de refuxiados se infiltran “yihadistas”. Xa abonda! Aquí só sobran a xenofobia e o racismo, as leis inhumanas e represivas alentadas por este goberno e por todos os gobernos ó servizo dos intereses capitalistas e imperialistas. Temos moi claro que os nosos problemas non veñen de fóra nin os provocan os emigrantes en pateira ou os refuxiados que se xogan a vida chegando ás fronteiras de Europa.

Desde o Sindicato de Estudantes defendemos unha vida digna para quen fuxides do horror como a defendemos para toda a mocidade e a clase traballadora do mundo. Que todos os recursos que se malgastan para salvar bancos dedíquense a acoller ós refuxiados, e garantir o pan, o teito, a vivenda, a sanidade e a educación para toda a poboación de Europa. Hai medios suficientes e a sociedade pódese organizar doutro xeito, con xustiza social, sen explotación nin violencia. Dámosvos a benvida e dicímosvos: contades connosco e coa nosa solidariedade inquebrantable e grazas a vós redobraremos as forzas na loita por transformar a sociedade e acabar co capitalismo.

Organiza asembleas no instituto ou universidade para formar un comité de solidariedade cos refuxiados.

Distribúe esta carta ós teus compañeiros, profesores e failla chegar a outros centros de estudo.

Coloca pancartas e carteis nun centro, nos corredores, na aula, nas portas, no teu barrio, etc...Organiza mesas informativas

dunha oportunidade, os miles de mortos sepultados baixo as augas do Mediterráneo, as redadas racistas, os centros de internamento e a explotación máis brutal



Nin cotas nin recortes!

Fóra o goberno dos desafiuzamentos, as guerras e o horror!

Refugees Welcome